


trébola =

**Escoitar para transformar:
sistema educativo,
exclusión social e éxito
escolar en Galicia**



Escoitar para transformar: sistema educativo, exclusión social e éxito escolar en Galicia

POR QUE FALAR HOXE DO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

O sistema educativo ocupa un lugar central no imaxinario colectivo como ferramenta de cohesión social, de igualdade de oportunidades e de construción cidadá. Durante décadas, a escola foi concebida como un espazo privilexiado desde o que compensar desigualdades de orixe e garantir traxectorias vitais máis xustas. Esta función social da educación, amplamente recollida nos marcos normativos e nos discursos institucionais, constitúe un dos piares fundamentais do sistema social e de benestar.

Esta idea convive hoxe cunha crecente sensación de esgotamento. Tanto profesionais, como familias e alumnado perciben unha distancia cada vez maior entre os principios proclamados e a realidade cotiá dos centros educativos. A escola enfróntase a demandas cada vez máis complexas, derivadas de transformacións sociais profundas: Incremento das desigualdades socioeconómicas, precariedade vital de amplos sectores da poboación, cambios nos modelos familiares, impacto das tecnoloxías dixitais e a emerxencia dos novos malestares emocionais que atravesan a infancia e a adolescencia.

En Galicia, esta tensión maniféstase con especial intensidade cando falamos de nenas, nenos e adolescentes en situación de risco de exclusión social. As súas traxectorias educativas amosan con frecuencia interrupcións, dificultades de adaptación ao sistema,

fracaso escolar temperán e unha progresiva desvinculación co espazo educativo. Estas dinámicas non poden ser interpretadas como excepcións nin como resultado de fallos individuais, senón como expresións dun funcionamento estrutural que cómpre analizar con rigor.

Este Informe Trébol nace da necesidade de escoitar con atención a quen coñece o sistema desde dentro. As reflexións que aquí se recollen proceden de profesionais da educación, da orientación educativa, do ámbito universitario, da inspección e de familias; persoas que traballan diariamente co alumnado e que experimentan de primeira man os límites, as contradicións e as potencialidades do sistema educativo galego. A súa voz achega un coñecemento cualificado, baseado na experiencia e que resulta imprescindible para comprender como se xestiona a diversidade e a vulnerabilidade no actual marco educativo.

O documento é unha iniciativa da Fundación Trébol en colaboración con IGAXES, entidades cunha ampla traxectoria no traballo con infancia e xuventude en situación de vulnerabilidade en Galicia, e pretende contribuír ao debate público ofrecendo unha lectura clara, accesible e honesta sobre o estado do sistema educativo galego en relación coa exclusión social e o éxito escolar.

A súa vocación é divulgativa e orientada

ao terceiro sector, aos axentes sociais, aos responsables e decisores públicos e á cidadanía en xeral. O obxectivo non é formular solucións pechadas, senón compartir consensos, sinalar disfuncións estruturais e abrir camiños de reflexión que permitan avanzar cara a un sistema educativo máis xusto, máis humano e máis capaz de acompañar as traxectorias vitais de todo o alumnado.

Metodoloxía: a escoita das e dos profesionais

O contido deste informe baséase nun proceso de investigación cualitativa desenvolvido ao longo do ano 2024 en Galicia, co obxectivo de comprender en profundidade como o sistema educativo xestiona as situacións de risco de exclusión social e cales son os principais obstáculos e oportunidades para o éxito escolar do alumnado máis vulnerable.

A metodoloxía empregada parte dunha convicción clara: para analizar un sistema complexo non abonda con indicadores cuantitativos nin con diagnósticos elaborados desde fóra. Resulta imprescindible incorporar a voz das persoas que traballan diariamente no sistema educativo e que coñecen, desde a práctica diaria, as súas dinámicas reais, as súas limitacións estruturais e as marxes de manobra existentes.

Con este propósito realizáronse catro grupos focais nos que participaron profesionais da educación de diferentes niveis e ámbitos. Estes espazos de diálogo colectivo permitiron contrastar experiencias, identificar patróns comúns e afondar nas percepcións

compartidas arredor do funcionamento do sistema educativo galego. Lonxe de buscar opinións individuais illadas, os grupos focais favoreceron a construción dun discurso colectivo no que emerxeron consensos sólidos e matices relevantes.

Cada un dos grupos focais estivo orientado a unha dimensión específica do problema. O primeiro grupo fixo unha reflexión xeral sobre o sistema educativo e a súa función social, poñendo o foco na relación entre educación, desigualdade e mobilidade social. Nun segundo grupo analizáronse de forma crítica diversos estudos e investigacións previas, contrastando os seus resultados coa experiencia profesional das persoas participantes. O terceiro grupo centrouse na valoración dos programas e medidas impulsadas pola administración educativa galega, mentres que o cuarto estivo orientado á formulación de propostas e alternativas para mellorar os procesos de éxito escolar do alumnado en risco de exclusión social.

As sesións foron gravadas, transcritas e analizadas mediante técnicas de análise cualitativa, identificando dimensións analíticas e códigos recorrentes que permitiron estruturar a información e extraer aprendizaxes relevantes. Este proceso facilitou unha lectura sistemática dos discursos profesionais, evitando interpretacións anecdóticas ou fragmentarias. Como complemento a este traballo desenvolveuse, a posteriori, un proceso de validación mediante a técnica Delphi, co obxectivo de contrastar e reforzar as conclusións emerxidas dos grupos focais. Neste proceso participaron catorce persoas expertas procedentes de distintos ámbitos: profesorado universitario,

profesorado de ensino obrigatorio, persoal de orientación educativa, de inspección educativa e familias de mozas e mozos. A diversidade de perfís permitiu incorporar perspectivas complementarias e ampliar a mirada sobre as problemáticas analizadas.

O estudo Delphi solicitou ás persoas participantes que valorasen o seu grao de acordo con diferentes propostas e conclusións derivadas dos grupos focais. Os resultados amosan un nivel de consenso moi elevado, superior ao 80 %, o que indica que moitas das disfuncións e necesidades identificadas non son percepcións illadas nin opinións minoritarias, senón preocupacións amplamente compartidas no sector educativo galego.

Este enfoque metodolóxico, baseado na escoita, no contraste e na busca de consensos, dota ao informe dunha base sólida e lexítima. As reflexións que se presentan non pretenden establecer verdades absolutas, senón ofrecer unha lectura fundamentada da realidade educativa galega desde a experiencia profesional e desde o coñecemento compartido.



Xuventude en situación de vulnerabilidade en Galicia

A realidade da xuventude en Galicia está marcada por profundas desigualdades sociais, económicas e territoriais que condicionan de forma decisiva as súas traxectorias vitais e educativas. Nos últimos anos, distintos indicadores sinalan un progresivo incremento das situacións de vulnerabilidade que afectan a unha parte significativa das nenas, nenos e adolescentes, especialmente aqueles que proceden de contornos empobrecidos, con baixos ingresos familiares, con precariedade laboral, situacións de inestabilidade residencial ou escaso capital social e cultural.

A vulnerabilidade infanto-xuvenil non responde a unha causa única, senón á acumulación de factores estruturais que interactúan entre si baixo lóxicas interseccionais. A precarización do emprego das familias, o risco de pobreza infantil, as dificultades de acceso a recursos básicos ou os cambios nos modelos, configuran un escenario complexo no que medran moitas mozas e mozos en Galicia. A isto súmanse desigualdades territoriais persistentes, especialmente entre ámbitos urbanos e rurais, que condicionan o acceso a servizos educativos, sociais e comunitarios.

Neste contexto, o sistema educativo convértese nun espazo clave, pero tamén nun ámbito onde se manifestan con claridade estas desigualdades. A escola non só reflicte as condicións

sociais nas que vive o alumnado, senón que pode contribuír tanto a compensalas como a reproducilas. Para a xuventude en situación de vulnerabilidade, a experiencia educativa adoita estar atravesada por dificultades de adaptación, itinerarios discontinuos, fracaso escolar temperán e procesos progresivos de desvinculación do sistema. Cómpre subliñar que estas traxectorias non poden ser explicadas desde enfoques individualizadores nin atribuídas unicamente ao esforzo persoal ou ás capacidades do alumnado. Pola contra, están fortemente condicionadas polos contextos de vida, pola dispoñibilidade de apoios familiares e comunitarios, e pola capacidade do propio sistema educativo para recoñecer e acompañar á diversidade de necesidades presentes nas aulas.

Unha expresión particularmente significativa destas situacións de vulnerabilidade é a que afecta aos rapaces e rapazas que se atopan baixo medidas de protección do sistema público e que participan en programas de acompañamento á emancipación, como o Programa Mentor desenvolvido por IGAXES. Trátase de mozas e mozos que, tras percorridos vitais marcados pola ruptura familiar, a institucionalización e a ausencia de referentes adultos estables, afrontan procesos de transición á vida adulta cunha acumulación de desvantaxes estruturais. As súas traxectorias educativas adoitan caracterizarse por itinerarios fragmentados, cambios frecuentes de centro, dificultades de adaptación ao sistema educativo ordinario e unha elevada exposición ao fracaso e ao abandono escolar temperán. Neste contexto, o acompañamento socioeducativo

especializado convértese nun factor clave para soste a continuidade formativa, fortalecer a autonomía persoal e reducir o risco de exclusión social unha vez finalizada a tutela administrativa.

Falar da xuventude en situación de vulnerabilidade en Galicia implica, polo tanto, situar o foco nas condicións estruturais que limitan o exercicio efectivo do dereito á educación en igualdade de oportunidades. Supón tamén asumir que o éxito escolar non pode entenderse á marxe do benestar emocional, da estabilidade vital e da existencia de redes de apoio sólidas. Este marco contextual resulta imprescindible para analizar con rigor o papel do sistema educativo galego e para comprender os desafíos que afronta á hora de garantir traxectorias educativas xustas e inclusivas para todo o alumnado.

Repensar o éxito escolar: Máis alá das notas

Un dos consensos máis claros e reiterados ao longo de todo o proceso de investigación foi a necesidade de repensar en profundidade o concepto de éxito escolar. Tanto nos grupos focais como no posterior proceso Delphi, as persoas participantes coinciden en sinalar que reducir o éxito educativo á obtención dunha titulación ou a uns determinados resultados académicos é unha visión insuficiente para dar conta da realidade do alumnado, especialmente no caso daquelas nenas, nenos e adolescentes en situación de risco de exclusión social.

Desde esta perspectiva compartida, a titulación continúa a ser un elemento relevante, pero deixa de ser o eixo central e exclusivo. O éxito escolar pasa a entenderse como un proceso máis amplo, que debe integrar dimensións relacionadas co benestar emocional, coa integración social, coa percepción de seguridade dentro do centro educativo e coa capacidade do alumnado para construír vínculos significativos e proxectos vitais con sentido.

As profesionais participantes subliñan que o alumnado non aprende nunha contorna aséptica nin neutra. A experiencia educativa está atravesada por emocións, relacións, expectativas e vivencias que condicionan de maneira directa a capacidade de aprendizaxe. Neste sentido, a escola non pode limitarse a transmitir contidos curriculares, senón que desempeña tamén unha función esencial como espazo de socialización, de acompañamento e de construción da identidade.

Ao longo dos grupos focais emerxe con forza a idea de que ninguén pode ter éxito académico se non se sente seguro, escoitado e acompañado. A ausencia de vínculo, a percepción de non pertenza ou a experiencia reiterada de fracaso acaban xerando dinámicas de desvinculación que dificultan calquera proceso educativo sostido. Para o alumnado en situación de vulnerabilidade, estas dinámicas adoitan aparecer de forma temperá e intensificarse ao longo das etapas educativas.

Desde o ámbito da orientación educativa e do profesorado universitario ponse especial énfase na necesidade de

incorporar indicadores que dean conta destas dimensións habitualmente invisibilizadas. Variables como a autonomía persoal, o benestar emocional, a calidade das relacións dentro do centro ou a percepción de apoio institucional raramente forman parte dos sistemas formais de avaliación do éxito escolar, malia seren determinantes para o desenvolvemento integral do alumnado.

Neste punto, o proceso Delphi reforza de maneira clara as conclusións dos grupos focais. O nivel de acordo das persoas expertas coa necesidade de ampliar o concepto de éxito escolar é moi elevado, o que evidencia que existe unha base profesional sólida para avanzar cara a definicións máis integrais e humanizadoras da educación. Repensar o éxito escolar implica, en consecuencia, cuestionar os criterios cos que se avalía o funcionamento do sistema educativo e abrir o debate sobre que obxectivos se consideran prioritarios. Non se trata de renunciar á esixencia académica, senón de contextualizala e complementala cunha mirada máis ampla, capaz de recoñecer a diversidade de traxectorias e necesidades presentes nas aulas galegas.



A escola como ascensor social

A idea da escola como ascensor social constitúe un dos piares históricos do discurso educativo moderno e, en último termo, do sistema de benestar español. Segundo esta concepción, o sistema educativo debería actuar como un mecanismo de compensación das desigualdades de partida, permitindo que o alumnado, con independencia da súa orixe social, poida acceder a mellores oportunidades vitais a través da educación. Esta noción segue presente nos marcos normativos e nas declaracións institucionais, mais aparece fortemente cuestionada cando se contrasta coa experiencia cotiá das e dos profesionais.

Nos grupos focais, esta cuestión xerou un debate intenso e complexo. A maioría das persoas participantes coinciden en que, aínda que a escola debería funcionar como ascensor social, na práctica non está a cumprir esa función de maneira xeneralizada, especialmente no caso do alumnado en situación de risco de exclusión social. Para estes colectivos, o sistema educativo non só non compensa as desigualdades de orixe, senón que, en determinados contextos, contribúe a mantelas ou mesmo a intensificalas.

Desde esta perspectiva crítica, o sistema educativo aparece descrito con frecuencia como un axente de selección máis que como un espazo de equidade. O alumnado que chega á escola cun maior capital cultural, con apoio familiar estable e con condicións materiais favorables tende a adaptarse mellor ás esixencias do sistema e a obter

recoñecemento académico. Pola contra, quen parte de situacións de vulnerabilidade enfróntase a maiores dificultades para cumprir cos ritmos, códigos e expectativas implícitas da institución escolar.

As e os profesionais sinalan que esta lóxica selectiva non sempre é explícita nin intencionada, pero opera de maneira estrutural. A avaliación estandarizada, a organización ríxida dos tempos e contidos, e a escasa capacidade de adaptación ás realidades diversas acaban por favorecer algunhas traxectorias e penalizar outras. Neste sentido, o fracaso escolar non pode entenderse unicamente como un problema individual, senón como o resultado dun encaixe deficiente entre o alumnado e o propio sistema.

Ao longo das conversas aparece tamén unha reflexión recorrente: as excepcións existen. Hai traxectorias de éxito que permiten afirmar que a escola pode funcionar como ascensor social. Porén, estas excepcións non constitúen a norma e, paradoxicamente, cumpren a función de lexitimar o sistema, reforzando a idea de que quen non acada o éxito é porque non se esforzou o suficiente ou non soubo aproveitar as oportunidades.

Esta visión resulta especialmente problemática cando se aplica ao alumnado en risco de exclusión. Para estas nenas, nenos e adolescentes, a escola pode chegar a funcionar non só como un espazo de estancamento, senón incluso como un axente de descenso social, que consolida distancias e crea experiencias reiteradas de fracaso e desvalorización persoal.

O debate arredor da escola como

ascensor social non conduce, neste informe, a unha negación do papel da educación, senón a unha chamada á responsabilidade colectiva. Se a educación aspira a ser unha ferramenta de equidade real, resulta imprescindible revisar as condicións nas que opera, os supostos sobre os que se constrúe e as expectativas que deposita sobre o alumnado e as familias.

Os contextos importan

Familia, territorio e condicións materiais de vida.

Un dos consensos máis transversais ao longo dos grupos focais é que a educación non acontece no baleiro. O alumnado non chega á escola en condicións de igualdade, nin dende o punto de vista material nin dende o punto de vista simbólico. As traxectorias educativas están profundamente condicionadas polos contextos familiares, sociais, económicos e territoriais nos que se desenvolve a vida cotiá das nenas, nenos e adolescentes. Estes factores inflúen non só nas oportunidades de partida, senón tamén nas posibilidades reais de participación e progreso dentro do propio sistema educativo.

Os profesionais sinalan que o sistema educativo tende a tratar estas variables como factores externos, alleos á súa responsabilidade directa. Porén, na práctica diaria resultan determinantes: inflúen nos ritmos de aprendizaxe, nas expectativas que se xeran arredor do alumnado, na relación coa institución escolar e na capacidade para responder

ás demandas académicas. Ignorar estes contextos supón asumir unha igualdade formal que non se corresponde coa realidade, e que, en moitos casos, pode contribuír a reproducir desigualdades xa existentes.

Capital social e cultural: desigualdades de partida

O concepto de capital social e cultural aparece de maneira recorrente nas reflexións das e dos participantes. Non todo o alumnado chega á escola co mesmo coñecemento dos códigos escolares, co mesmo dominio da linguaxe académica nin coa mesma familiaridade co valor simbólico da educación. Estas diferenzas iniciais condicionan fortemente a experiencia educativa, especialmente nas primeiras etapas.

As familias con maiores recursos culturais adoitan contar con máis ferramentas para acompañar os procesos educativos: coñecen o funcionamento do sistema, teñen capacidade para intervir, reclamar ou apoiar, e dispoñen de tempo e estabilidade para facelo. Pola contra, as familias en situación de vulnerabilidade enfróntanse a limitacións obxectivas que dificultan este acompañamento, non por desinterese, senón por precariedade laboral, barreiras lingüísticas, experiencias previas negativas co sistema ou falta de apoio institucional.

Cando estas desigualdades de partida non son recoñecidas nin compensadas, o sistema educativo corre o risco de reproducir e consolidar as diferenzas sociais, contradicindo a súa función equitativa.

Necesidades básicas e aprendizaxe.

Existe un acordo case unánime entre as e os profesionais: ninguén pode aprender se non ten cubertas as súas necesidades básicas. A fame, a inestabilidade habitacional, a falta de descanso, a exposición a situacións de violencia ou o malestar emocional grave son incompatibles cun proceso educativo sostido e significativo.

Este feito, amplamente compartido nos grupos focais, pon en evidencia os límites dun sistema que continúa avaliando o éxito escolar fundamentalmente a través de indicadores académicos, sen garantir previamente condicións mínimas de benestar. A escola non pode substituír outros sistemas de protección social, pero tampouco pode actuar como se estas realidades non existisen.

Os profesionais relatan situacións nas que o alumnado chega ao centro con cargas vitais que desbordan con moito as capacidades de intervención educativa: problemas familiares graves, carencias materiais, ausencia de referentes adultos estables ou dificultades de saúde mental. Nestes casos, a resposta exclusivamente escolar resulta claramente insuficiente.

A individualización do fracaso, o fantasma da meritocracia.

Unha das consecuencias máis preocupantes da falta de atención aos contextos é a individualización do

fracaso escolar. Cando non se teñen en conta as condicións de vida do alumnado, as dificultades de aprendizaxe interprétanse como problemas persoais, falta de esforzo ou déficit individual, xerando procesos de estigmatización e desvalorización.

Esta lóxica non só resulta inxusta, senón tamén contraproducente, xa que dificulta a construción de respostas educativas adaptadas e reforza dinámicas de exclusión. Recoñecer a influencia dos contextos non implica baixar expectativas, senón axustar as intervencións á realidade e ofrecer apoios proporcionais ás necesidades detectadas.

A fragmentación do sistema

Educación, sanidade, servizos sociais e terceiro sector.

A falta de coordinación entre os distintos sistemas que interveñen na vida da infancia e da adolescencia emerxe como unha das principais disfuncións estruturais do sistema educativo galego. Tanto nos grupos focais como no Delphi, este eixo acada algúns dos niveis máis altos de consenso, o que evidencia que non se trata dunha percepción puntual, senón dun problema amplamente compartido polos profesionais.

Educación, sanidade, servizos sociais e terceiro sector operan con frecuencia como departamentos estancos, con lóxicas, tempos e procedementos propios que dificultan unha resposta integral a situacións de vulnerabilidade.

Esta fragmentación tradúcese nunha atención discontinua, reactiva e, en moitos casos, insuficiente para ás necesidades reais do alumnado.acidade relacional ou menor apoio institucional.

Fendas estruturais e ausencia de referentes.

Un dos elementos máis reiterados nas intervencións das e dos profesionais é a falta de referentes claros para a coordinación interinstitucional. Non sempre resulta evidente a quen dirixirse, que servizo é competente en cada caso ou cal é o procedemento adecuado para activar recursos. Esta indefinición xera perdas de tempo, duplicidades e unha enorme carga de incerteza para as persoas profesionais implicadas nestes procesos.

En moitas ocasións, a resolución de situacións complexas depende máis do coñecemento persoal e das redes informais entre profesionais que da existencia de protocolos claros e compartidos. Este funcionamento baseado no voluntarismo produce desigualdades territoriais e deixa en situación de maior vulnerabilidade aos centros con menos capacidade relacional ou menor apoio institucional.

Consecuencias da descoordinación.

A fragmentación do sistema ten consecuencias directas tanto para o alumnado como para as e os profesionais:

- Atrasos significativos na detección e atención de situacións de risco.
- Sobrecarga de tarefas administrativas

e de coordinación nos centros educativos.

- Sensación de illamento e desamparo profesional.
- Intervencións que non abordan as causas profundas dos problemas.
- Perda de continuidade nos procesos de acompañamento ao alumnado e ás familias.

Para as nenas, nenos e adolescentes en situación de vulnerabilidade, esta descoordinación tradúcese con frecuencia en itinerarios erráticos, cambios constantes de referentes e unha sensación de desprotección que impacta directamente no seu benestar e no seu rendemento educativo.

A necesidade dun enfoque comunitario.

Fronte a esta realidade, as e os profesionais reclaman de forma case unánime a creación de estruturas claras e estables que faciliten a coordinación interinstitucional. Non se trata de sumar máis protocolos nin máis trámites administrativos, senón de articular espazos reais de traballo conxunto, con tempos recoñecidos, roles claramente definidos e canles de comunicación claras entre as diferentes institucións implicadas.

A aposta por un enfoque comunitario implica recoñecer que a escola non pode nin debe actuar soa. A coordinación efectiva entre educación, sanidade, servizos sociais e terceiro sector aparece como unha condición indispensable para garantir intervencións integrais, continuas e centradas no benestar do alumnado.

Este consenso profesional constitúe unha base sólida para avanzar cara a

modelos máis cooperativos, nos que a responsabilidade sobre o éxito escolar e o benestar da infancia sexa verdadeiramente compartida entre os distintos ámbitos que forman parte da súa contorna.

Inestabilidade, rotación e falta de continuidade

Cando nada chega a consolidarse.

Outro dos elementos que aparece de forma recorrente ao longo dos grupos focais é a falta de estabilidade dos programas, dos equipos profesionais e das estruturas de intervención. Esta inestabilidade afecta de forma especial ao alumnado en situación de risco de exclusión social, para quen a continuidade e a previsibilidade resultan factores clave de protección.

As e os profesionais describen un sistema no que moitas intervencións dependen de programas temporais, convocatorias anuais ou proxectos vinculados a financiación puntuais. Esta lóxica dificulta a planificación a medio e longo prazo e impide consolidar procesos educativos sostidos no tempo. Cada curso supón, en demasiadas ocasións, un novo comezo.

A rotación como ruptura do vínculo.

A alta rotación do profesorado e doutros perfís profesionais aparece identificada como un problema central. Cada

cambio de referente implica a perda de vínculo, de confianza e de coñecemento acumulado sobre o alumnado e as súas circunstancias. Para moitas nenas, nenos e adolescentes en situación de vulnerabilidade, esta sucesión de figuras adultas supón unha experiencia reiterada de ruptura que impacta negativamente na súa implicación co sistema educativo. As e os profesionais sinalan que o vínculo educativo non se constrúe de forma inmediata, senón que require tempo, presenza sostida e coñecemento mutuo. Cando os equipos cambian constantemente, o sistema perde capacidade de acompañamento e o alumnado percibe a intervención educativa como algo fragmentado e pouco fiable.

Neste contexto, o debate sobre os perfís profesionais resulta relevante. Tanto nos grupos focais como no proceso Delphi, o perfil máis sinalado como necesario e axeitado é o do educador ou educadora social. Trátase dun perfil con formación específica na xestión das problemáticas sociais, emocionais e familiares que atravesan as traxectorias do alumnado en situación vulnerable, así como no traballo de vínculo, mediación e acompañamento socioeducativo. A súa presenza nos centros educativos, xa sexa integrada de maneira estrutural nos equipos ou a través de convenios estables co terceiro sector, é valorada como unha práctica que funciona e que mellora a capacidade do sistema para ofrecer respostas continuas e contextualizadas.

Máis alá das discrepancias arredor das fórmulas de incorporación ou da redefinición dos roles profesionais, existe un acordo amplo nun punto fundamental: sen equipos estables con perfís especializados e estruturas

permanentes, non é posible garantir intervencións eficaces co alumnado máis vulnerable. A inestabilidade non só reduce a eficacia das accións educativas, senón que xera frustración profesional, desgaste emocional e unha perda progresiva de confianza no propio sistema.

Falta de vontade estrutural.

Desde a experiencia das familias e dalgúns profesionais emerxe tamén a percepción dunha insuficiente vontade política para dotar o sistema dos recursos necesarios. A precariedade orzamentaria, a dependencia de programas piloto e a ausencia de compromisos a longo prazo dificultan a consolidación de modelos máis integrais e sostibles.

Esta situación reforza unha lóxica de provisionalidade que acaba normalizándose, malia ser claramente incompatible coas necesidades de acompañamento que presenta o alumnado en risco de exclusión social.

Burocracia e rixidez

Cando o sistema dificulta o educativo.

A burocracia aparece recorrentemente, ao longo de todo o proceso de investigación, como un dos principais factores de desgaste profesional e como un obstáculo directo para a intervención educativa efectiva. Tanto nos grupos focais como no estudo Delphi, a carga administrativa é descrita como excesiva,

pesada e, en moitos casos, contraproducente.

Os profesionais coinciden en sinalar que unha parte significativa do seu tempo e da súa enerxía dedícase a cumprir procedementos administrativos, elaborar informes, xustificar actuacións e responder a esixencias documentais e cubrir trámites burocráticos que non sempre gardan unha relación clara coa mellora do proceso educativo da e dos alumnos. Este tempo detraído da atención directa ten un impacto evidente na calidade e efectividade da intervención, especialmente nos casos que requiren acompañamento intensivo.

Programas ben intencionados pero pouco operativos.

Moitos dos programas e medidas impulsados pola administración educativa son valorados de forma positiva nos seus principios e obxectivos, xa que procuran a mellora da calidade e equidade do sistema. Pero os profesionais sinalan unha fenda importante entre o deseño formal destes programas e a súa aplicabilidade real nos centros educativos.

A rixidez dos requisitos, a complexidade dos procedementos de acceso e de xustificación, e a escasa marxe de adaptación ás realidades concretas de cada centro fan que, na práctica, só aqueles centros con maior capacidade organizativa e recursos poidan aproveitar plenamente estas iniciativas. Isto provoca un efecto perverso: os centros con máis dificultades, que precisan máis apoio, son precisamente os que atopan máis barreiras para acceder aos recursos dispoñibles.

A burocracia como fonte de desigualdade e frustración.

A carga burocrática non afecta por igual a todos os centros nin a todas e todos os profesionais. Aqueles centros situados en contextos máis complexos, con maior presenza de alumnado vulnerable, vense obrigados a asumir unha maior intensidade administrativa sen contar necesariamente con máis recursos nin con persoal específico para xestionala.

Esta situación xera unha fonda sensación de frustración e impotencia. Os profesionais perciben que o sistema lles esixe cumprir formalidades que, lonxe de facilitar o traballo educativo, o dificultan. En ocasións, mesmo se abandona a posta en marcha de iniciativas valiosas polo custo administrativo que supoñen.

A demanda de maior flexibilidade.

Fronte a esta realidade, a demanda máis clara non é a eliminación dos procedementos, senón a súa simplificación e flexibilización. As e os profesionais reclaman marxes de autonomía reais que lles permitan adaptar os programas ás necesidades do seu alumnado e do seu contexto, sen verse afogados por trámites que desvirtúan o sentido e a eficacia da intervención.

Reducir a burocracia aparece así non como unha cuestión menor, senón como unha condición necesaria para liberar tempo, enerxía e capacidade profesional ao servizo do educativo.

Aprendizaxes compartidas desde a práctica

A pesar das múltiples dificultades descritas ao longo do informe, os grupos focais e o proceso Delphi permiten identificar tamén prácticas concretas, enfoques e dinámicas que funcionan e que contribúen significativamente a mellorar o benestar e as traxectorias educativas do alumnado en situación de risco de exclusión social. Estes aprendizaxes non proceden de modelos abstractos ideais nin de solucións teóricas xerais, senón da experiencia acumulada al logo do tempo das e dos profesionais no seu traballo cotiá nos centros educativos.

Un dos elementos máis reiterados é o valor do vínculo educativo. A presenza dun referente adulto estable, accesible e comprometido aparece como un factor clave de protección. Cando o alumnado sinte que hai alguén no centro que o coñece, o escoita e se preocupa pola súa situación, increméntase a súa sensación de seguridade e pertenza, condicións indispensables para calquera proceso de aprendizaxe.

As titorías personalizadas, o acompañamento sostido e as relacións educativas baseadas na confianza demostran ter un impacto positivo tanto no benestar emocional como no rendemento académico e na motivación. Para o alumnado en situación de vulnerabilidade, estas figuras de referencia poden marcar a diferenza entre a continuidade no sistema educativo e a desvinculación progresiva.

Flexibilidade organizativa e metodolóxica.

Outro dos factores identificados como clave é a flexibilidade. As e os profesionais destacan a importancia de adaptar os tempos, os contidos, as metodoloxías e os criterios de avaliación ás necesidades reais do alumnado, especialmente nos casos máis complexos. A aplicación ríxida do currículo e dos sistemas de avaliación tende a penalizar traxectorias que non se axustan aos ritmos estándar.

As experiencias que incorporan marxes de adaptación, metodoloxías máis participativas ou itinerarios máis personalizados amosan mellores resultados en termos de implicación do alumnado e de continuidade educativa. Esta flexibilidade non implica unha renuncia á esixencia, senón unha reformulación dos medios para acadar os obxectivos educativos.

O traballo en rede como factor de éxito.

Cando a coordinación interinstitucional funciona aínda que sexa de maneira puntual ou informal, os profesionais perciben unha mellora clara na capacidade de resposta ás situacións de risco. O traballo en rede co terceiro sector, cos servizos sociais ou cos dispositivos sanitarios permite abordar as problemáticas desde unha perspectiva máis integral, evitando intervencións parciais e fragmentadas.

O reto está en institucionalizar estas prácticas, evitando que dependan do individual ou de excepcionalidades.



A colaboración é posible e eficaz cando existen espacios de encontro e confianza mútua.

A importancia da escoita ao alumnado.

Por último, as e os profesionais subliñan a necesidade de escoitar activamente ao alumnado. Dar espazo á súa voz, comprender as súas percepcións e incorporar as súas necesidades reais ás intervencións educativas contribuindo a xerar máis implicación pertenza.

A escoita non se entende aquí como un exercicio simbólico, senón como unha ferramenta pedagóxica e relacional de primeiro nivel, capaz de fortalecer os vínculos e de mellorar a eficacia das accións educativas.

Cara a un cambio de modelo educativo

Da reacción á prevención.

As análises e reflexións recollidas ao longo deste informe apuntan con claridade a unha conclusión compartida: as dificultades do sistema educativo galego para atender adecuadamente ao alumnado en situación de risco de exclusión social non responden a fallos puntuais nin a

déficits individuais, senón a limitacións estruturais do modelo vixente. Abordar estas limitacións require algo máis que axustes parciais; implica avanzar cara a un cambio de enfoque.

Un dos desprazamentos máis necesarios é o paso dun modelo fundamentalmente reactivo a un modelo preventivo. Na actualidade, moitas das intervencións actívanse cando as dificultades do alumnado xa están consolidadas: fracaso escolar, absentismo reiterado, problemas graves de convivencia ou malestar emocional intenso. Esta resposta tardía reduce as posibilidades de éxito e incrementa o custo humano e institucional das intervencións.

Os profesionais coinciden en que a detección de forma temperá e o acompañamento precoz son claves para evitar traxectorias de exclusión. Isto require sistemas de observación e intervención coordinados, que sexan quen de actuar antes de que os problemas estean cronificados, e de ofrecer os apoios proporcionais ás necesidades detectadas.

Da responsabilidade individual á institucional

Outro eixo central do cambio de modelo é a superación dunha lóxica que sitúa a responsabilidade do éxito ou do fracaso no alumnado, nas súas familias ou no profesorado. As situacións de vulnerabilidade teñen causas múltiples e interconectadas, polo que a resposta debe ser tamén corresponsable.

Avanzar cara a modelos máis integrais implica recoñecer que a educación non

pode actuar de forma illada. A coordinación efectiva entre educación, sanidade, servizos sociais e terceiro sector non é un complemento, senón unha condición indispensable para garantir o dereito á educación en igualdade de condicións.

Este enfoque corresponsable supón tamén un cambio cultural: pasar da defensa de competencias estancas á construción de obxectivos compartidos, centrados no benestar e no desenvolvemento integral da infancia e da adolescencia.

Do control ao coidado.

Os discursos profesionais recollidos no informe sinalan a necesidade de revisar en profundidade a lóxica de funcionamento do sistema educativo. A énfase excesiva no control, na avaliación normativa e no cumprimento estrito de procedementos despraza o foco do educativo cara ao administrativo.

Un modelo centrado no coidado, no acompañamento e na relación educativa non implica renunciar á esixencia nin á responsabilidade, senón redefínilas desde unha perspectiva máis humana e contextualizada. Este cambio de mirada resulta relevante cando se traballa con alumnado que arrastra experiencias previas de fracaso, desprotección ou exclusión.

O cambio de modelo ao que apunta este informe non é inmediato nin sinxelo. Require vontade política, investimento sostido e transformacións organizativas profundas. Porén, os consensos profesionais identificados ao longo do proceso ofrecen unha base sólida desde a que iniciar este camiño.

Escoitar para transformar

Este informe recolle a voz de profesionais e familias que coñecen o sistema educativo galego desde dentro e que traballan a diario con infancia e xuventude en situación vulnerable. As reflexións presentadas non responden a opinións illadas nin a percepcións anecdóticas, senón a consensos compartidos arredor dos límites actuais do modelo educativo e das condicións necesarias para avanzar cara a unha educación máis xusta.

Ao longo do documento ponse de manifesto que as dificultades do sistema educativo galego para garantir o éxito escolar do alumnado en risco de exclusión social non poden explicarse como fallos individuais nin como déficits puntuais. Trátase de disfuncións estruturais que teñen que ver coa fragmentación institucional, coa falta de estabilidade, coa carga burocrática excesiva e cunha concepción restritiva do que se entende por éxito educativo.

O informe non se limita a sinalar límites. A experiencia profesional compartida amosa tamén que existen prácticas, enfoques e dinámicas que funcionan: o vínculo educativo, o acompañamento sostido, a flexibilidade, o traballo en rede e a escoita activa ao alumnado. Estas aprendizaxes ofrecen unha base desde a que construír transformacións reais.

Fundación Trébol presenta este documento desde un compromiso claro coa mellora do sistema educativo público en Galicia. A neutralidade institucional non implica renunciar á crítica nin ao posicionamento ético. Pola

contra, este informe parte da convicción de que escoitar ás persoas que sosteñen o sistema é unha condición indispensable para transformalo.

A educación non pode asumir en solitario a responsabilidade de compensar as desigualdades sociais, pero tampouco pode desentenderse. Garantir o dereito á educación en igualdade de condicións require vontade política, investimento sostido e unha aposta pola corresponsabilidade institucional e comunitaria.

Este informe quere contribuír a ese camiño. Non como punto final, senón como punto de partida para o diálogo, a reflexión compartida e a acción colectiva. Porque transformar o sistema educativo galego é unha tarefa complexa e unha responsabilidade que interpela ao conxunto da sociedade.

Recomendacións estratéxicas

As reflexións e consensos recollidos ao longo deste informe permiten identificar un conxunto de liñas estratéxicas de acción que, de forma clara, sen pretender constituír un programa pechado nin exhaustivo, sinalan camiños posibles para avanzar cara a un sistema educativo máis xusto, máis eficaz e máis acorde coa complexidade das realidades actuais.

Estas recomendacións formúlanse desde unha perspectiva construtiva e realista, conscientes dos límites institucionais e organizativos, pero tamén da necesidade de introducir cambios estruturais que garantan unha educación en igualdade de condicións.

RECOMENDACIÓNs ESTRATÉXICAS

1

Ampliar a definición oficial de éxito escolar:

Debemos revisar os marcos e os indicadores que avalían o éxito educativo. A titulación e os resultados académicos deben seguir formando parte desta avaliación, pero non poden ser os únicos criterios.

Incorporar dimensións como o benestar emocional, a integración social, a convivencia, a autonomía persoal e a percepción de apoio, facilitaría intervencións máis temperás e eficaces, especialmente co alumnado en situación de vulnerabilidade.

2

Crear estruturas estables de coordinación

A coordinación entre servizos sociais educación, sanidade, e terceiro sector non debe depender do voluntarismo profesional. É necesario avanzar cara á creación de estruturas estables, recoñecidas institucionalmente, con tempos, roles e canles de comunicación definidos.

Este tipo de estruturas permitirán intervencións máis integrais, evitando as duplicidades e mellorando a continuidade dos procesos de acompañamento ás alumnas e alumnos e ás súas familias, reducindo a fragmentación que existe na actualidade.

3

Garantir estabilidade nos equipos profesionais

Resulta fundamental reducir a rotación, garantir a permanencia das e dos profesionais nos centros e facer estables os programas para alumnado vulnerable.

Esta estabilidade non só mellora os resultados educativos, senón que contribúe a fortalecer os vínculos, a confianza e o coñecemento profundo das realidades contextuais nas que se intervén.

4

Reducir a carga burocrática e aumentar a flexibilidade

A simplificación administrativa e a flexibilización dos procedementos son unha condición necesaria para liberar tempo e recursos profesionais ao servizo do educativo, facilitando o traballo diario e a planificación. Revisar os requisitos, reducir a duplicidade documental e aumentar a autonomía das e dos profesionais, acompañada de mecanismos de avaliación razoables aparece como un elemento clave para mellorar a eficacia das intervencións.

5

Reforzar o enfoque comunitario e o papel do terceiro sector

O terceiro sector desempeña un papel fundamental no acompañamento educativo e social da infancia e da xuventude en situación vulnerable. Reforzar a colaboración coas entidades, valorar a súa experiencia especializada e integrar a súa intervención dentro de estratexias comunitarias máis amplas permitiría potenciar a capacidade de resposta do sistema educativo.

A aposta polo territorio e polo traballo en rede contribúe a xerar contornos protectores para o desenvolvemento das traxectorias educativas.

